



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2019/20

DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Conforme ditan as *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o Departamento de Lingua Galega e literatura reuniuse de maneira telemática o día 29 de Abril de 2020 e decidiu realizar as seguintes modificacións na súa Programación Didáctica do curso actual.

MATERIA E CURSO: Lingua Galega e literatura 2º ESO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

(Estándares de aprendizaxe imprescindibles que debería desenvolver o alumnado para cada materia que servirán de referente para o deseño das actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.)

No 3º trimestre non se vai dar materia nova, só faremos actividades de reforzo do traballado nos dous primeiros trimestres. Por iso as actividades estarán encamiñadas ao desenvolvemento dos seguintes estándares de aprendizaxe imprescindibles :

- Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas
- Identifica a idea principal e as secundarias
- Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto
- Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, en diferentes soportes
- Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.
- Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos.
- Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto
- Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
- Le comprensivamente textos narrativos.



COMPETENCIAS BÁSICAS

(Competencias imprescindibles que debería desenvolver o alumnado para cada materia que servirán de referente para o deseño das actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.)

Competencias imprescindibles que debe desenvolver o alumnado nesta materia de lingua galega e literatura no 3º trimestre:

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

| | |
|--------------------------------|---|
| PRESENCIAL¹: | |
| TELEMÁTICA: | <p>O terceiro trimestre terá só unha avaliación positiva, na que se poderá conseguir unha cualificación máxima de 1,5 puntos, desglosada da seguinte maneira:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura e traballo escrito dunha obra literaria, enviado ao correo da profesora– 1 punto • Traballo de conto oral, enviado por nota de voz de whatsapp á profesora – 0,5 puntos. <p>A cualificación obtida neste 3º trimestre sumarase á media acadada nos outros dous trimestres.</p> |

CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN ORDINARIA

(Realízase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie o alumnado.)

A cualificación obtida no 3º trimestre (ata 1,5 puntos) coas actividades de reforzo e repaso, sumarase á media acadada nos dous trimestres anteriores.

¹No caso de que a situación sanitaria permita a realización de probas presenciais.



ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

MATERIA E CURSO: Lingua galega e literatura de 1º ESO

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

(No caso do alumnado do que non se dispoña de información obxectiva para unha avaliación das materias pendentes ou con avaliación negativa, poderá ser convocado a unha proba telemática, se a situación sanitaria non permite a realización de probas presenciais. Esta proba poderá ser substituída pola realización de traballos ou actividades que permitan unha avaliación obxectiva.)

Terán que facer unha proba da materia de 1º Eso que será enviada ao seu correo electrónico e deberá ser devolta ao correo da profesora 1 hora máis tarde.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A cualificación será a obtida nesa proba

DATAS

20 de Maio

A Capela , a 30 de abril de 2020

Viqui Salgado

Profesora de 2º de ESO